


Novas Galaxia Turonio

Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

ANO 4 | Edición nº 42 | Especial Letras Galegas Maio de 2019 | PRECIO 2 EUROS



LET
RAS
GALE
GAS
2019



LETRAS GALEGAS

Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Pagar en galego

Desde hai un mes circula profusamente polas redes sociais unha campaña da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística instando á cidadanía a facer a declaración da renda en galego. Participan nela moitas persoas e coñecidos personaxes públicos.

É un dereito que nos asiste como contribuíntes, e que a Axencia Tributaria como un órgano da administración do Estado reconece. De feito xa existen formularios no noso idioma.

Un vello amigo de meu xa falecido, Francesc Ferrer i Gironés, que durante varias lexislaturas fora senador, promoveu un número considerable de iniciativas para denunciar as discriminacións que por razón de lingua

eran a práctica xeralizadas en todos os órganos da administración e empresas públicas. Dese labor quedaríannos varios libros seus, salientando como compendio desta actividade parlamentaria "Lletres de Batalla (cartes per la llengua catalana)". A actividade parlamentaria deste senador non foi secundada naquelas lexislaturas por ningún dos senadores galegos. Aínda máis, o grupo parlamentario socialista ao que estaba adscrito como independente, tratou sistematicamente de coutarlle o exercicio do dereito a defender as linguas cooficiais no exercicio da súa función.

Varias sentenzas do Tribunal Constitucional reconeceron expresamente a obriga por parte dos órganos da ad-

ministración estatal de adecuaren os seus servizos ao réxime da cooficialidade lingüística que a Constitución establece. Pero aínda hai focos de resistencia que só a vontade dos cidadáns pode vencer demandando o amparo dos seus dereitos. Vellas inercias instaladas en despachos de directivos con mentalidade negadora do plurilingüismo que cómpre remover. Para que iso aconteza é precisa unha maior conciencia cidadá na defensa dos dereitos lingüísticos exercéndoos decontino.

Son moitos os espazos nos que podemos incidir. Pero para iso hai que vencer as tentacións da participación en puntuais escenificacións épicas que o tempo ten demostrado que teñen servido para pouco. Os axentes da minorización da lingua sábeno ben. Cómpre reaxir e poñer en práctica a pedagogía do compromiso individual, que sumada a outras son as determinantes para provocar o cambio de hábitos

lingüísticos. Seguir teimando no victimismo é un erro. Os que o practican son os mesmos que agochan as súas inchoencias nel e actúan con desleixo e non mercan libros no noso idioma; a crise editorial así nolo demostra. Compórtanse sen aplicaren a discriminación positiva na compra de produtos de consumo e non escollen os galegos, e dentro deles os que se etiquetan no noso idioma. Son os que non reclaman das compañías de seguros e servizos (gas e electricidade, por exemplo) os recibos no noso idioma. Ou o que é peor, dan por feito que na desgaleguización das novas xeracións no ámbito familiar, eles non teñen nada que ver; bótallenas culpas a outros axentes.

Pasemos da épica victimista ao optimismo da vontade.



Por Nemésio Barxa

OS TALIBÁS DAS LETRAS.

A criação das letras permitiu a representación escrita da palabra, que circula-se a información alem da comunicación directa e pessoal e que tivéssemos noticia dos feitos ocorridos em tempos remotos por médio de informadores que coñeceram pessoalmente ou na mesma época os feitos históricos que nos relatam, dos que deixaram testemunho. Pois cada letra constitui o signo gráfico do sistema de escritura de una língua e agrúpanse ordenadamente nos chamados alfabetos. Aínda que há investigadores que acreditan na hipótese da existencia de una língua remota común também sustentem que todos os alfabetos tenham suas origens no sistema de escritura proto-canita, alo polo ano 2.000 a.C.

Muitas são as linguas faladas no mundo (disse que entre três e sete mil) e realmente una língua, um idioma, é o médio de relacionar-se entre os utentes do mesmo idioma. Deveria, polo tanto, como veículo de comunicación e información ser totalmente neutro o uso do idioma dentro do grupo humano ao que pertence, sem asobalhamento de outros grupos

idiomáticos; respeitando sua representação gráfica, porem o futuro de muitas linguas fica choido bem por desapareço do grupo que a fala (mágoa, mas tem seu sentido) ou polo avassalamento de outra língua dominante mediante a pressão social (países imperialistas); augurasse a desaparición de perto de um 50% das linguas vivas atuais para finais do século XXI.

A língua é o principal sino de identidade de um país, polo que o país dominante ou colonizador trata de que se perda para assimilar totalmente ao país colonizado ou submetido. Que vos vou dizer de esta situación que a estamos a padecer na Galiza não só com a pressão social que também e muito especificamente com a pressão política dos que nos governam, desatinadamente elegidos por maioria dos próprio galegos; basta com botar uma olhada aos agouros, alvorotos e reclamações de castelhanos, extremeños andaluzes, etc. para comprovar a inquina que temem a nosso idioma e como todos os partidos políticos, com mais ou menos aversão, propõem ou procuram a desaparición da nossa língua.

E por se foram poucos os inimigos

exteriores e interiores ainda nos quedam os que se chamam amigos e defensores do idioma. Os talibás que de espírito galego semelha que só temem o do minifúndio, neste caso diria mental, e que ano trás ano volcam seu aborrecimento e seu agravo contra um vulto preeminente da língua e da cultura galegas, um home que plantou cara ao fascismo e sofreu cadea, depuração e abandono, mas nunca cedeu da defensa de Galiza, autor de uma longa contribuição á literatura galega e especialmente a monumental "Historia da Literatura galega contemporânea", a obra mais importante e fundamental da historiografía da literatura em língua galega. Carvalho Calero é autor de uma obra fundamental na literatura galega, desde teatro, poesia, ensaio e narrativa, com uma novela que também define um antes e um depois na narrativa galega, Scorpio. E sempre, ano trás ano, os talibás da Real Academia Galega lhe negam dedicar-lhe um ano das Letras Galegas. Bem certo que cada ano é um ano a Ricardo Carvalho Calero, pois recorrentemente aparece nominado, mas também recorrentemente rejeitado por maioria dos académicos.

Seu pecado são as letras galegas expulsas do dicionário galego. As J, Ç,

dígrafos NH, LH, a parcialmente expulsa G, o tilde e seu razoabilísimo posicionamento com o reintegracionismo, tanto por reintegramos no galego-português, no mundo que nos é próprio, o da lusofonia, como por ser o porvir do nosso idioma como pólas múltiples vantagens que supõe o relacionarmos com normalidade com todo o mundo cultural, económico e social da lusofonia. Da ortografía dicia Rosalia de Castro no prólogo a Cantares Gallegos que "sem gramática nen regras de nengunha clãs... puxen o maior coidado em reproducir o verdadeiro espírito do nosso pobo", e já vemos o êxito... como para impedir as manifestações culturais por um "quítame esa jota".

Outro Dia das Letras Galegas sem Carvalho Calero, mas outro ano mais reivindicando a Carvalho Calero. Não critico a eleição de Antón Fraguas, que póla sua obra e póla sua dignidade nacional, o merece. Critico a vileza dos que ano trás ano rejeitam a Carvalho Calero.

E que com seu remorso o comam.

Quinta do Limoeiro, maio do 2.019.



Antón Fraguas, ser galeguista

Anxo Serafín Porto Ucha
Raquel Vázquez Ramil

EN 1998 defendía a súa Tese de Doutoramento Francisco Manuel Veiga García, profesor de Educación Secundaria máis coñecido por Paco Veiga. A Tese, dirixida por Anxo S. Porto Ucha, foi presentada no Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Levaba por título: «Xogo popular galego e Educación. Vixencia educativa e función de identificación cultural dos xogos e enredos tradicionais». O Tribunal cualificador, formado polos doutores Jurjo Torres Santomé (presidente), Antón Costa Rico (secretario) e os vogais Antonio Fraguas Fraguas, M^a de Graça Ribeiro de Sousa Guedes e Xulio Rodríguez López, outorgoulle ao traballo a máxima cualificación de Sobresaliente cum laude.

No momento de configurar a Comisión que ía xulgar a tese, ademais de recoñecidos especialistas no tema, queriamos contar cun profesor que atesourase amplo coñecemento histórico, antropológico e etnográfico sobre Galiza. Quen mellor que o doutor don Antonio Fraguas Fraguas, director do Museo do Pobo Galego, que xa tiña daquela 92 anos! Foi toda unha ledicia e un privilexio contar co seu maxisterio.

Don Antonio fora nado en Loureiro de Cotobade a finais de 1905, fillo de pai emigrante en Brasil. Despois do seu paso pola escola, ingresa por libre no Instituto de Pontevedra. Estudou logo Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, licencián-

dose en 1928. Incorporado ao Seminario de Estudos Galegos e ás Irmandades da Fala, en 1933 é nomeado profesor de Xeografía e secretario do recentemente creado Colexio Subvencionado de A Estrada, enseguida convertido en Instituto de Ensino Elemental (1934) e de Ensino Superior (1935). Na Estrada coincidiu con Enrique Vidal Abascal, profesor de Matemáticas, segundo os datos que ofrece Margarita Figueiras Nodar.

Durante a guerra foi expedientado e o seu expediente de depuración resolveuse en 1941 (Orde de 5 de maio de 1941) coa suspensión de emprego e soldo durante dous anos, traslado e inhabilitación para exercicio da docencia e para cargos de confianza en institucións de ensino e culturais. A partir de 1938 deu clase na Academia Menéndez Pelayo de Santiago, e nos anos 40 compatibilizou este traballo con clases na Facultade de Xeografía e Historia.

En 1950 lee a tese de doutoramento en Madrid sobre El Colegio Santiago Alfeo (vulgarmente chamado Fonseca), gaña de novo cátedra de instituto e consegue destino no Instituto masculino de Lugo, trasladándose en 1959 ao Instituto feminino «Rosalia Castro» de Santiago de Compostela, onde desenvolverá o seu labor deixando grata memoria en varias xeracións de xoves composteláns, que lembran a súa calidade intelectual e, por enriba de todo, o seu excepcional talento humano.

Ao crearse en 1969 o Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela, D. Antonio Fraguas é un dos máis activos profesores que recibían alumnos en Prácticas, no entón denominado



Antón Fraguas, a esquerda, con Isaac Díaz Pardo. Fonte: Diario de Pontevedra, 11/05/2019.

CAP (Curso de Aptitude Pedagóxica), que a Lei Xeral de Educación de 1970 incorpora ao seu proxecto para a formación didáctica do profesorado de bacharelato. Así o constatamos ambos os dous nun amplo estudo sobre a evolución histórica do propio ICE, investigación desenvolvida nos fondos arxivísticos do mesmo Instituto e no Arquivo Histórico da USC, hoxe en fase de publicación no Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Os informes de Antón Fraguas sobre os alumnos e alumnas do CAP destacan polo seu detalle e pola súa humanidade. Como os grandes mestres, tiña palabras amables para todos e sabía atopar o bo que cada un deles levaba dentro.

Como investigador deixou en legado moi amplo, que abrangue dende a Xeografía, a Historia, o xénero biográfico (con senlleiros traballos sobre Manuel Murguía ou Aquilino Iglesias Alvariño), Literatura oral, e moi sinaladamente a Etnografía (costumes e festas populares).

A partir dos anos 70 recibiu premios e distincións en recoñecemento á súa traxectoria e a súa impagable tarefa como director do Museo do Pobo

Galego. Morreu en Santiago de Compostela o 5 de novembro de 1999. A súa vida queda ben resumida nunha frase que o define e nos serve de inspiración: «Ser galeguista non é máis que ser amante da nosa terra».

FONTES:

FIGUEIRAS NODAR, Margarita (2009): *La enseñanza media en A Estrada (1933-1938) a partir de una fuente inédita. A Estrada: Miscelánea histórica e cultural*, nº 12, pp. 99-132.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1998): *Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo, Galego de ben. Vigo: Ir Indo.*

NEGRÍN FAJARDO, Olegario (2006): *La depuración franquista del profesorado en los Institutos de Segunda Enseñanza de España (1937-1943). Estudio cuantitativo para Galicia. Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, Nº 10, pp. 59-99.

PORTO UCHA, Anxo S. e VÁZQUEZ RAMIL, Raquel.: *O Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela. Nacemento e evolución (1969-2016). Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago (no prelo).*



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursos espanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LETRAS GALEGAS

Por Bernardo Penabade

Antonio Fraguas ou o discurso do labrego ilustrado

Continuamos num período de baixa intensidade na celebración das Letras Galegas. Nota-se nos centros de ensino, nas asociacións culturais e em plena rua, onde a cidadanía o recibe como día feriado, mas non o vive con paixom.

Quando em julho de 2018 a Real Academia Galega decidiu que Antonio Fraguas fosse o escritor homenageado no Día das Letras de 2019, non só pretendia buscar un nome alternativo a Carvalho Calero; procurava tamén unha figura moderada que non resultase molesta para o poder político autonómico. Agora estamos compro-

vando os resultados: que os da boina e os do birrete non se deixam seduzir polo discurso de Fraguas, por muito pedagógico que seja; e que o galeguismo nacionalista tampouco se entusiasma, non polo perfil da figura homenageada, senon polo que a escolha significa na deriva académica.

Eu, que tive a fortuna de participar como ouvinte en varias intervencións públicas de Antonio Fraguas entre 1983 e 1990, recordo-o pola presenza de labrego ilustrado, pola súa fonética genuína e polo discurso envolvente que em cada palabra desprendía amor à nosa Terra; e encantava-me ouvi-

lo, como me encantava ouvir os discursos de Carvalho ou de Manuel Beiras García ou de Avelino Pousa Antelo.

Agora neste tempo das Letras, descubro moita obra de Fraguas que é nova para mim. Ao tempo que aprendo cultura popular, penso nas circunstancias em que foi investigando, escribendo e publicando. Quanto mais o conheço, mais admiro a súa capacidade de superación perante os mais diversos obstáculos. Penso no nacemento como fillo de moça solteira; no momento de deixar a docência na Universidade de Santiago para ir ao Instituto da Estrada (sem dúvida para consolidar un emprego fixo), no momento em que foi represaliado e que se viu obrigado a reorientar a vida dando aulas particulares... Mais tamén penso no positivo: tivo un mestre benemérito que orientou a familia para que o mandassem estudar; foi

aluno de Castelao e de Lousada Diéguez no bacharelato e de Armando Cotarelo na Universidade; fixo rádio em galego em 1932; superou unha segunda oposición, neste caso a Catedrático de História em Lugo; entrou na Academia e sentou na cadeira do seu mestre Castelao; participou na fundación do Museo do Povo; foi correspondente da Associação dos Arqueólogos Portugueses e da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia... e chegou a cronista geral de Galiza!

Confio em que, unha vez pasado o fragor das batallas eleitorais, se recupere o interese por Antonio Fraguas. Tempo haverá entre setembro de dezembro para continuar con eventos de análise e divulgación da súa obra e, tamén, para pensar em como recuperar o espírito inicial do Día das Letras.

Literatura, teatro e música na XXII Feira do Libro Galego de Tui

O 17 de maio, co gallo do Día das Letras Galegas, que este ano se dedica a Antón Fraguas, haberá 20 postos de libros no Paseo da Corredoira das librerías Espazo Lector Nobel e Iris, de 11.00h a 22.00h, que ofrecerán un 10% de desconto. Ademais exporanse

Maios e paneis informativos sobre a figura do historiador e xeógrafo, Antón Fraguas, realizados polos centros educativos e asociacións culturais de Tui.

A escritora Iria Misa abrirá a feira ás 11.00h, dando paso a continuación ás actuacións musicais do grupo de pande-

reteiras As D'Abadía da Asociación cultural "A Insua" de Caldelas e continuarán a Coral Ponte das Febres (11.30h), o concerto familiar de Urdime con "Fantasía musical" (12.00h) e a Banda de Gaitas "Lembranzas da Terra" de Guillei (13.00h).

Pola tarde, ás 16.00h haberá

un obradoiro de marcapáxinas con En un Tris Tras. Ás 17.30h volve a música cunha actuación do grupo folclórico "O Mosteiro" de Pexegueiro. Unha hora despois, ás 18.30h Contacontos de Culturactiva con "Bandullo Azul: Flipa cos contos", ás 19.30h teatro de rúa tamén de culturactiva con "Saaabor". A programación rematará ás 20.30h coa actuación da Coral do Centro Sociocomunitario de Tui. Pola mañá a Radio Municipal de Tui fará



un programa especial co gallo do Día das Letras Galegas e da Feira do Libro Galego.

En caso de choiva celebrarase o domingo 19 de maio.



«Vibrante, poderosa e adictiva»



«Inñica e divertidísima»



Premio Lazarillo 2018



Premio Manuel María 2018

AS MELLORES LETRAS GALEGAS 2019

XERAIS en galego todo o tempo

Por Xosé A. Neira Cruz

As cartas de Fraguas

Vinte anos despois do seu pasamento, Galicia homenaxea co Día das Letras Galegas a Antonio Fraguas, probablemente un dos persoeiros da nosa cultura ao que mellor lle acae a denominación de mestre. Non só porque exerceu o maxisterio ata os límites máis proveitosos da súa dedicación profesional senón porque fixo desa actitude vital –a do que está sempre disposto a transmitir, a dar– un exemplo. Non tiveron a sorte de contarme entre as afortunadas promocións de alumnos e alumnas que pasaron polas súas aulas. Porén, gocei do privilexio de percibir, carta tras carta ao longo dunha prolongada correspondencia que mantiven co mestre de Cotobade ao longo da miña adolescencia, a importancia que el lle daba a esa tarefa de atender e ensinar aos máis novos.

A experiencia comezou coma unha

arroutada: a que ten un quinceañeiro que un bo día acorda escribirlle a un home que admira para facerlle algunhas preguntas sobre Galicia. Era como guindar unha botella ao mar. O máis probable, pensaba eu, é que nunca chegase resposta. Evidentemente si chegou. Non podía ser doutro xeito tratándose de Fraguas. Nela, don Antonio, manifestábase contento por ter recibido aquelas preguntas ás que procedía a dar cumprida resposta e deixaba a porta aberta para manter aquel contacto de xeito periódico. “O único que pode ocorrer é que ao mellor vaia un tanto apurado –advertía–, pero poñémonos de acordo para falar de algo que eu poida saber, agás de política, porque polo que vexo desde hai algún tempo estou moi descriado. Pero hai moito do que falar sen ser diso”.

Foi un dos agasallos máis valiosos

que me teñen feito, un obsequio impagable: o tempo e a atención dun dos alicerces da nosa cultura posto a disposición dun mozo curioso e tímido que nin sequera se atreveu nunca a parar pola rúa ao velliño co que ás veces se cruzaba –eu cara ás clases, el de camiño cara ao Museo do Pobo Galego– por temor a quebrar dalgún xeito aquela maxia que se facía realidade a través das cartas.

Esas cartas, gardadas coma ouro en pano nun caixón do meu cuarto, sufriron un terrible accidente. Unha man inocente, que non sabía o que estaba a facer, procedeu a agrupar nunha mudanza aqueles sobres nunha bolsa da que despois nunca máis se soubo. O meu tesouro ficara desaparecido para sempre. Foi unha perda da que me doín sen consolo.

Morto xa o vello mestre, aconteceu o milagre. Un día, remexendo naquel moble na procura doutros papeis vellos, sucedeu o inesperado. Do trasfondo

das gavetas extraídas para mellor facilitar a esculca, caeron coma ascuas relocentes seis sobres impeccables co nome e o enderezo de Fraguas na lapela. Coma se don Antonio acordase retomar a nosa correspondencia desde o Alén. Así o sentín.

Desde entón lin e relín centos de veces eses folios escritos coa pulcra caligrafía que lle era característica. E non poucas veces, nesta vida de luces e sombras, me teñen salvado e animado a continuar como só un bo mestre o pode facer: “Eu quero que as miñas verbas, eiquí postas, che sirvan de pasatempo e que che aporten confianza en ti mesmo”.

Vinte anos despois esas palabras seguen a manter intacto o agarimo, a profundidade e a sinxeleza do home íntegro, bo e sabio que foi Antonio Fraguas.



17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

*“De Loureiro a Rebordelo todo é camiño chan, todas son rosas e flores postas pol-a miña man”**



ANTONIO FRAGUAS

ELIXE GALICIA

galicia
UNIVERSIDADE

XUNTA DE GALICIA
xunta.gal

Xocobeo 2021

*As coplas que se cantaban nas ruínas de Loureiro de Cotobade

Fraguas e Cotobade

Dende 1963 vimos festexando o día das "Letras Galegas" os 17 de maio, en conmemoración do centenario da publicación de "Cantares Gallegos". A iniciativa foi de Fernández del Riego; Ferro Couselo e Gomez Román, todos eles conselleiros da editorial Galaxia, para homenaxear a aquelas persoas que destacasen pola súa creación literaria en lingua galega.

Honramos este ano, no día das letras galegas a D. Antonio Fraguas Fraguas paisano de quen isto escribe.

Escoitei falar de Fraguas na miña xuventude, durante o bacharelato no instituto de Pontevedra, naquel vello caserón, onde Fraguas estudou e coñeceu o galeguismo da man dos seus mestres Losada Dieguez e Castelao, que deixaron nel unha grande pegada e no caso de Castelao unha entrañable amizade.

No mesmo instituto, aló por xaneiro de 1965, Fraguas participou nun curso sobre lingua galega, organizado pola Agrupación Cultural os Novos, á que eu e outros compañeiros pertenciamos. O curso estaba dirixido por Agustín R. Caamaño e ao coidado do meu admirado Prof. Millán G. Pardo. No curso pronunciaron leccións maxistras de Literatura Galega, ademais, de Fraguas, os profesores Filgueira Valverde, Millán G. Pardo, Carballo Calero e Xaime Isla, tamén interviñeron os poetas López-Casanova e García Bodaño. Daquel curso deu cumprida noticia a revista Grial no seu número 8, exemplar que conservo con auténtica veneración, así como unha pequena gramática galega, a primeira que tiven, publicada polas Irmandades da Fala.

Á idade de dezaseis anos, poder escoitar a personalidades tan relevantes da cultura galega, supuña abrirse a un mundo de compromiso. Podo dicir, que xa daquela descubrín cal debía ser un dos meus camiños na vida e niso ando.

D. Antonio adoitaba pasar parte dos veráns na súa casa de Insuela, ao pé da dos meus parentes, os Cabirtas, onde teño coincidido con el, e gozado do seu falar paseniño e humilde, debullando todas as historias coñecidas

da aldea. Alí en Insuela, naceran e estaban a maior parte dos seus coñecementos da Cultura Popular, e esta afirmación non é de parte, senón o propio Fraguas, dínolo na introdución do seu libro, "Aportacións ó cancionero de Cotobade", "Corresponde indicar, para comprender algunhas manifestacións do Cantigueiro da terra de Cotobade, que estes centos de cántigas foron recollidas por min hai máis de sesenta anos, cando era escolante no Instituto de Pontevedra" inclúe unha relación das persoas que foron os seus informantes: Antonia Pérez Estraviz, mamá Antonia, que o coidou con amor de nai na súa infancia; as súas primas, do lugar da Costa, Tersila e Julita Fraguas; María Rodríguez do Brixel; os seus veciños de Insuela: Digna e seu pai José Rodríguez, o meu primo Amable Cabirta e Antonio Vidal Proenza que ó axudou na recollida no lugar da Xesteira e Almofrei; Manuel Malvar "Manuel da Costa" quen compuña as coplas dos desafíos, cinzarradas e de fiadeiros da parroquia. Tamén recolleu cántigas nas veciñas freguesías de Valongo, Aguasantas e Loureiro.

Da dilatada labor de Fraguas nos eidos da arqueoloxía, da xeografía, da antropoloxía cultural, da historia... falan os seus libros cheos de sabedoría así como máis dun centenar de amenos artigos. Eu quero nesta colaboración, situar a ese Fraguas polifacético en Cotobade. Podemos afirmar, que Insuela e Cotobade inspiraron e marcaron a vocación de Fraguas no estudo das disciplinas citadas.

No referente a Cotobade quero lembrar aquí, que se coñecen máis de dezaioito traballos e un feixe de artigos periodísticos. Dese brazado de traballos quero escolmar pequenas citas como exemplos de costumes e acontecementos que nos singularizan como comunidade.

Así no traballo titulado "Desde o antroido á Pascua. Vida e costumes a comezo de século" (Homenagem a J.R. dos Santos Junior, Lisboa 1993). A descrición do entroido comeza coas comidas típicas, destacan dous pratos de comida da zona. A "bincha" (vexiga

do porco), palabra rexistrada no dicionario da RAG como "vincha" pero sen a acepción que lle damos nas Terras de Cotobade. Trátase dunha sobremesa característica de toda a bisbarra, feito a base de pan trigo, ovos e azucre, amasado e logo embuchado na vexiga do porco, pódose logo a ferver. O outro prato "petote", palabra non rexistrada no dicionario da RAG, trátase dun bolo, con forma de ovo, feito con fariña amasada, cocido despois na auga do caldo. Ambos seguen a ter un gran predicamento entre nós, contando con dúas festas gastronómicas.

No ano 1946 publica no "Boletín de la Comisión de Monumentos de Ourense" un estudo intitulado "El lobo en las Tierras de Cotovad", no artigo D. Antonio pretende, levar a cabo un achegamento á dimensión cultural do lobo como mito na cultura popular de Galicia, tanto na material como na inmaterial. Foi Fraguas dos primeiros en acercarnos ó mito nesas dúas dimensións.

Sendo Cotobade dende sempre terra de gando no monte, a convivencia entre o home e o lobo non ten sido pacífica, todos aqueles que temos vivencias da infancia na aldea, sabemos da preocupación das nosas avoas, de protexernos dos perigos de fóra da casa. O lobo era o paradigma de

todos os males, reflectido moi ben por Fraguas neste artigo, cando examina os ditos populares sobre o comportamento do lobo, presentándoo como un ser maligno e superior pola súa forza e corpulencia, queda moi ben expresado nos diálogos recollidos no traballo "Menos lobos, comadre" e "Confesión de lobo".

Tamén nós fala da existencia de A Pieira, muller que gardaba e alimentaba ós lobos e para os que pedía esmola polas parroquias. A profesión de Pieira era un castigo que recibía o matrimonio que tivese sete fillas sen ningún fillo no medio, tendo que dar unha filla para desempeñar tal encomenda, refírenos que isto é crenza xeral na comarca, é que a última que houbo era de Borela.

Pechando o artigo ofrécenos unha cantiga que se cantaba nas ruadas de Loureiro, musicada por Ramón Castro-mil, titulada "lobishome".

Debémolle a D. Antonio ter posto a Cotobade no mundo de Castelao. Se seguimos o artigo publicado por el co título "Castelao en Cotobade" (RAG xaneiro de 1975). Sabemos que Castelao veraneou no lugar de Pazos da parroquia de Carballedo, por mor da doenza do seu fillo Alfonsiño, mociño de saúde precaria, e que melloraba a



súa saúde na montaña .

Daquela estancia queda constancia en diferentes obras de Castelao e nos seus debuxos de " As cruces de pedra na Galiza ", alí están recollidos os cruceiros da parroquia de Loureiro (o da encrucillada do igrexario, o do adro; o de barreiros), así como os das parroquias de Carballedo, Rebordelo, Valongo e Aguasantas. Pero o máis salientable e emotivo daquela estancia e que impresionou a Castelao, foi a historia de Florentina a moza que morreu de amor na parroquia de Loureiro a mediados do século XIX, do que queda constancia nunha lápida ó pe da porta de entrada da igrexa de Loureiro, na que se pode ler o seguinte epitafio:

DE LA PRENDA TAN QUERIDA
YACEN AQUÍ LOS DESPOJOS
Y NO SE CONTIENEN LOS OJOS
DE LLORAR A FLORENTINA GARCÍA
JOVEN DESCONSOLADA
QUE A LOS 23 AÑOS DE EDAD
PASÓ A LA ETERNIDAD.
DICIEMBRE DÍA PRIMERO
DE VIDA FUE EL POSTRERO
PARA ESTA JOYA MALOGRADA
1857

Castelao universalizou a Florentina adicándolle o libro segundo de Cousas da Vida.

" A Florentina, rapaza que morreu de amor na feligresía de Loureiro o ano 1857"

Para rematar estas citas , quero mencionar , tres dos seus artigos máis cheos de amor ao seu lugar de nacemento," Geografía de un lugar " (Miscelánea de Geografía de Galicia en homenaxe a Otero Pedrayo.Santiago 1978) " Insuela, un lugar antigo e os nomes da parroquia "(Humanitas :estudios en homenaxe ó Prof.Dr.Carlos Alonso del Real .Santiago 1996) ou "o lugar e a casa onde nacín "(Grial nº 144,Vigo 1999), auténticas leccións de amor aos lugares máis íntimos do autor , así como a descrición currunchu por currunchu da súa casa ,do lugar de Insuela e da parroquia de Santiago de Loureiro , os seus berces. Títulos estes que nos serven de modelo, para interpretar o xeito de vida dos nosos antepasados.

Ben sabia D. Antonio que o amor á Terra é un sentimento. A nación non é un resultado da vontade política dos cidadáns, senón como expresión da influencia do medio natural e da tradición, isto é, da Terra e dos Mortos. (Barrés).

Este sentimento ó reflexa no seu libro " La Galicia Insólita " no primeiro dos seus capítulos " Sentimiento de la Tierra " ,onde despois de citar a Cabanillas ; Castelao e Vicente Risco, remata con esta sentenza: " Así es el sentimiento de la Tierra, fácil de comprender, difícil de intepretar e imposible de medir".

Quixen nestas citas resaltar ó que supoñen para todos nós as obras de Fraguas , non se pode entender a Fraguas e a súa obra, sen coñecer Cotobade e a súa parroquia de Loureiro, e nestes tempos actuais a Cotobade sen a obra de Fraguas.

El foi un notario do seu tempo, deu fe de canto viu e canto recibiu dos seus achegados. Sirvan, pois, estas palabras como homenaxe a ese grande home que foi o noso veciño, e imitándoo na súa humildade, sirva, tamén, para honrar a todos os nosos devanceiros.

O IES Lucus Augusti homenaxeou a Fraguas

O IES Lucus Augusto homenaxeou a figura do escritor galego Antonio Fraguas. Os actos consistiron na apertura da exposición "Os nove anos de Fraguas en Lugo", e a presentación da web e do libro baixo este mesmo nome. Ademais, bautizouse unha aula do centro co nome de Antonio Fraguas e o artista Manuel Romero cedeu unha das súas obras dirixida ao escritor galego: O Fraguas dos anos cincuenta, diante do seu instituto lucense.



Manuel Romero cedeu unha obra sobre Fraguas.

DIA DAS LETRAS GALEGAS

A GUARDA 2019

VENRES 17 de MAIO

As 5 da tarde desfile dende a Alameda ata o Auditorio de S. Bento.
(en caso de chuvia no Pabellón Polideportivo do Instituto da Sangriña).

Seguidamente actuarán os grupos:

Ballet STUDIO 88 - GRUPO DE GAITAS DA 3ª IDADE
A BOALLEIRA (A Gándara) - ANDURIÑAS (Solanas)
A RIBEIRA DO MIÑO (A Sangriña)
CHURUMBELA (A Guarda) - XAMARAINA
Agrupación Folclórica VENTO MAREIRO
DOXE NUN ANO - O TREBÓN DOS XIDOS

Ó remate **ENTREGA DE DIPLOMAS**
ós gañadores dos concursos de redacción e debuxo.

VENRES 31 de MAIO

As 9 da tarde no Centro Cultural

HOMENAXE A

JOSE LUIS

RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Falará: David Quiñones Vázquez

Coa actuación da

GRUPO DE PANDEIRETAS DA A.C.G.

Dirixe: BERTA CASTRO

Grupo ANTORCHA

Dirixe: M.ª JOSÉ BAZ

A. CORAL POLIFÓNICA

DE A GUARDA

Dirixe: ROSA GONZÁLEZ

SUBVENCIONAN:

CONSEJO DA A GUARDA
Concello de Cotobade

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

ORGANIZA:

Agrupación Cultural
Guardesa

COLABORAN: EDITORIAL GALAXIA • EDITORIAL XERAIS • EDITORIAL BAIA • NOVA GALICIA EDICIONS

HUMOR

por Francisco Puñal Suarez

Com Cristina Sampaio

Cristina Sampaio é uma proeminente representante feminina do humor gráfico português. Nasceu e vive em Lisboa. Em 1985 licenciou-se em pintura pela Escola Superior de Belas Artes de Lisboa. Começou a fazer ilustração infanto-juvenil em 1987, área onde publicou mais de uma vintena de livros, em editoras como Editorial Caminho, Bertrand Editora ou Porto Editora. Está igualmente representada em inúmeras publicações colectivas de ilustração e de cartoon. Desde 2009 faz parte da associação Cartooning for Peace.

A partir de 1986 começou a trabalhar como ilustradora e cartunista para diversas revistas e jornais, nacionais e internacionais, com destaque para Ex-

presso, Público e O Independente, em Portugal; Courier International, em França; Kleine Zeitung, na Áustria; The Boston Globe e The New York Times, nos EUA.

O seu trabalho foi apresentado em numerosas exposições colectivas e individuais, em Portugal e no estrangeiro, destacando-se Alemanha, Bélgica, Brasil, Cuba, Dinamarca, França, Grécia, Itália, Noruega, República Checa, Suécia, Suíça e Turquia.

Em 2007 foi laureada com o 1º prémio na categoria de cartoon editorial do World Press Cartoon, que em 2009 e em 2015 a voltou a distinguir, desta vez com uma menção honrosa.

Com ela falamos sobre sua carreira artística



Cristina Sampaio. (foto: Clara Azevedo)

Por que você gosta de desenhar?

A resposta mais óbvia seria, porque sempre desenhei e sempre gostei. No entanto poderia dizer que há duas razões essenciais, a lúdica e a cívica. Por um lado, desenhar dá-me prazer, e para isso não tenho explicação. Por outro lado, sempre senti a necessidade de intervir civicamente, e os meus desenhos são a minha forma de o fazer.

Desde quando você desenha?

Desenho desde que me lembro. Com 9 anos fiz as minhas primeiras bandas desenhadas, para a família, e com 13 anos desenhei os meus primeiros cartoons, caseiros, quando aconteceu a revolução do 25 de Abril.

Quais tópicos você gosta de desenhar?

Qualquer assunto que me suscite reflexão sobre o mundo em que vivemos, e que eu possa satirizar, me interessa. Mas tenho mais apetência pela política internacional, os albos são mais suculentos.

Quais técnicas você usa para desenhar?

Actualmente utilizo o Adobe Illustrator para desenhar, após ter feito um esboço a lápis sobre papel.

Quando e onde você publicou sua primeira caricatura?

As minhas primeiras publicações foram banda desenhada, na revista de BD "Visão", em 1976. Comecei a publicar cartoon e caricatura mais tarde, a partir de 1986. Os meus primeiros cartoons editoriais fo-

ram publicados no "Jornal da FENPROF", o jornal da Federação Nacional de Professores.

Onde você publica atualmente?

Os meus cartoons saem semanalmente no jornal Público e faço quincenalmente um cartoon animado para o canal de televisão "RTP3", com o grupo Spam Cartoon (spam-cartoon.com). Publico também, sem regularidade definida, no Courier International e no The New York Times, entre outros jornais e revistas. A partir de Abril começarei a publicar regularmente na revista francesa "Alternatives Economiques".

O que é um dia de trabalho para você? Você se dedica exclusivamente à ilustração?

Dedico-me exclusivamente


ao cartoon, ilustração e animação. O meu dia de trabalho não tem um padrão regular. A minha actividade divide-se entre leitura, recolha de informação, esboço de ideias, desenho no computador. E ainda organização do arquivo e... auto-secretariado (emails, contas, etc.). E a obrigatória sesta. E ainda o passeio com o meu cão, que me ajuda a pensar.

Existem revistas de humor gráfico em Portugal ou apenas algumas cartoon são publicadas em alguns jornais?

Neste momento não há revistas de humor gráfico em Portugal. Foram existindo algumas, desde o sec XIX até finais do sec XX, mas a maioria foi de curta duração. A dimensão do país nunca ajudou ao panorama editorial. E agora, com a presença da Internet, editar uma revista exclusivamente de humor gráfico é praticamente impossível.

A imprensa portuguesa dedica o espaço que merece ao cartoon ou não?

Há cada vez menos espaço na imprensa portuguesa, e na Imprensa em geral, para o cartoon. Alegadamente por razões económicas, que muitas vezes servem apenas de jus-



Ser ou non ser

tificação para o receio generalizado da sátira política. Além disso, está em curso uma revolução nos meios de comunicação, desde a chegada da Internet, à qual os cartunistas ainda estão a tentar adaptar-se.

Por que o humor e a sátira são importantes na sociedade?

A sátira estimula a reflexão da sociedade sobre si própria, abre-lhe os olhos e o pensamento. E o humor é um veículo fundamental, e universal, para esse estímulo.



A última metamorfose

HUMOR

Xose Manuel Xaquín Marín Tokio




Cristina Sampaio



Trump



Refugiados



Brexit Flight

FUCO PRADO



LETRAS GALEGAS

Por Avelino Jácome

(Historias da vida desde outro punto de vista)

O vendedor de libros

Aquela mañá o vendedor de libros saíra motivado; quería aumentar a súa media de vendas e o seu soño era converterse no mellor vendedor da súa empresa, sería implacable e non fallaría no seu intento. Por iso preguntábase por qué estaba a abrazar aquela señora que seguía chorando no seu peito; preguntábase por qué perdía o seu precioso tempo mentres escoitaba a súa traxedia; por qué non se despedira educadamente e marchado para a seguinte casa. Tal vez xa vendese unha enciclopedia e xa estaría un banzo mais preto da meta soñada.

Pero a historia fálaos conmovido cando a muller contoulle cómo se enfermara o seu único fillo de nove anos, cómo o fora levado ao centro de saúde e cómo lle diagnosticarcan unha dor sinxela de garganta; de cómo o neno con todo queixábase dunha forte dor na caluga e en toda a zona traseira da cabeza; de cómo vomitara moi forte aquela cunca de leite que lle subiu ao seu cuarto antes de irse a durmir; de cómo ao fin o seu neno durmiuse e de cómo o amencer sorprendeunos coa frialdade do corpo ríxido, sen vida; de cómo nunca espertou daquel último soño; de cómo o abrazou desesperada nun intento de devolverlle a vida que a noite e a meninxite así lle chamaron despois de realizarlle a autopsia a esa inimiga que lle quitou o que tanto quería.

O vendedor tamén chora e esquécese de todo porque a traxedia alcánzao e tamén golpéao. Esa mañá queda consolando e non pode seguir a súa rutina de traballo, pasa o día sen poder

sacalo da cabeza, dándole voltas e voltas...definitivamente hoxe non venderá moito.

Á noite de regreso a casa, o vendedor de libros é recibido pola súa esposa cun maravilloso sorriso, un bico e unha fantástica cea e mentres cean comentan o día, ela cóntalle que o seu neno de case tres anos estivo un pouco enfermo á tarde e que o levou ao pediatra; nada importante un pouco de molestia na garganta, que lle receitou un xarabe e que xa se durmiu. Entón o vendedor de libros - papá, lembra a súa entrevista da mañá. Volve vir á súa mente aquela inmensa traxedia e deixando para ceas sobe a ver ao neno que dorme plácidamente, tómao en brazos e mírao e o pequeniño tócase coa súa man a cabeza na parte de atrás e o pai sente como un aviso de perigo na súa pel e nese instante un vomito brusco enche a sala de leite acida do estomago do infante.

O vendedor de libros agora xa non soña con ser o mellor, só espera estar equivocado e que a posibilidade que baralla a súa mente sexa irreal, saen o tres para correr para o centro de saúde andando co neno en brazos. Non teñen teléfono para pedir un taxi, a noite é fría baixo a xeada do de inverno hostil, pero os dous quilómetros que os separan do médico percórrenos á carreira.

O médico de garda escoita as sospeitas e faille as probas, que se non hai rixidez no pescozo, que se nos brazos tampouco, nin nas pernas. Non, isto non é meninxite señora xa llo dixo o pediatra. Unha simple infección de garganta, leveno para casa e mañá

verán que xa se pon ben. Mentres comenta sorrindo coa enfermeira: Os pais primerizos alármanse enseguida!

Pero o vendedor de libros, non pode sacarse da cabeza a escena da mañá; a esposa do vendedor tampouco e chaman a un amigo e cóntanlle e pídenlle que faga algo porque están moi preocupados. Este amigo que ten coñecidos no hospital universitario de Santiago, axúdalles. O ter coche lévaos e acompañaos e consegue que médicos especialistas examinen ao neno. Despois dun longo exame todo parece indicar que non se trata de meninxite. Para descartala de maneira tallante habería que facer unha punción lumbar pero vai ser moi dolorosa para o neno.

Falan e falan pero a única voz que escoita o vendedor de libros, o agora papá asustado, é a da nai desesperada da mañá e pídelle, suplicale, lle implora que fagan esa proba dolorosa pero que descarta definitivamente a enfermidade que non quere nin oír o seu nome. Ao fin acceden. E o peor dos presaxios cúmprese: o neno ten meninxite e é a do tipo máis perigoso.

Dez días de angustia dez días de debate entre a vida e a morte, dez días de clamar a Deus ás agachadas porque o vendedor de libros presume de ser ateo e por iso escóndese. Os días pasan a cámara lenta. Cansos. Tristes. Deprimentes.

Unha mañá xa perdida a esperanza, !aleluia!! ao fin o neno recupérase e sae san sen ningunha tara, sen ningunha diminución. Os doutores felicítanse por tan boa nova. Nestes casos as secuelas poden ir desde unha pequena amnesia a unha inutilidade permanente, comentan.

A enfermeira dí : "Tivemos sorte

agarralo tan rápido, senón non se salvaría" e o doutor pregunta por qué estaban tan seguros de que podía ser a

meninxite se polos síntomas non parecía, e, o vendedor cóntalle esta historia e o médico exclama: "Isto parece un milagre" e a nai di sí claro que é un milagre e o vendedor de libros pensa que tamén, pero non o di, porque o postúlase como ateo e non quere recoñecer nin o seu medo nin as súas oracións ás agachadas.

Pero Deus non llo ten en conta e fálalle e seguiralle falando porque é o seu Pai e sabe que ese fillo rebelde, ese vendedor soñador, papa covarde e angustiado pode cambiar, porque sabe da dor e das loitas, dos seus complexos e das súas debilidades.

A estas alturas do relato xa seguro que adiviñastes que ese vendedor era quen escribe, ese fillo é o meu fillo maior, o meu primoxénito tan amado que se salvou e xa me deu un neto, un maravilloso neto. Aquel día o meu Deus faloume por medio daquela muller que consolei. Despois seguiu falandome de tantas formas e tantas veces, que me avergoño de ser tan rebelde e non deixar que dirixa a miña vida na súa totalidade. O meu desexo para todos é que nos volvamos dóciles e que cando oiamos a súa voz non endurezamos o noso corazón.

Como di Pablo en Hebreos 3:15. "Se hoxe escoitan vostedes o que Deus di, non endurezan o seu corazón como aqueles que se rebelaron. E fixos os nosos ollos en Cristo non desmalleemos por duras que sexan as probas.



Literatura galega na Universidade de Pisa

O martes 7 de maio tivo lugar un encontro na Universidade de Pisa onde se presentaron as tres obras que desde os Centros de Estudos Galegos de Italia se publicaron no ano 2018. A esta cita acudiron os directores dos tres centros que existen neste momento en Italia: Giovanni Borriero da Universidade de Padova, Attilio Castellucci da Universidade La

Sapienza de Roma e Carlo Pulsoni e Marco Paone da Universidade de Perugia. Con eles conversaron Fabrizio Cigni e Valeria Tocco en representación da Universidade de Pisa.

Organiza o encontro a cátedra Antero de Quental - Camões integrada no Departamento de Filoloxía, Literatura e Lingüística da Universidade de Pisa. Cómpre destacar a vitalidade dos Centros de Estudos

Galegos de Italia xa que no ano pasado deron ao prelo os volumes Lois Pereiro. Poesía última di amore e malattia a cargo de Marco Paone e publicada pola editorial Aguaplano, unha tradución do célebre libro do autor monfortino; La letteratura galega. Autori e testi, a cargo de Giovanni Borriero e Gemma Álvarez Maneiro publicada pola editorial Carocci, e La lingua delle cantigas.

Grammatica del galego-portoghese, a cargo de Pär Larson e publicada tamén por Carocci.

De feito esta última editorial, de grande prestixio no ámbito universitario italiano, habilitou a colección Finisterrae coa finalidade de dar a coñecer textos relacionados co ámbito cultural galego. A selección e edición dos volumes da serie Finisterrae corre a cargo dos tres directores



dos centros de Estudos Galegos en Italia.

A Festa das Letras chega á Guarda o 19 de maio

Guarda prepara unha xornada para a posta en valor das Letras Galegas coa iniciativa «Festa das Letras», que terá lugar o vindeiro domingo día 19 de maio na Praza do Reló (en caso de choiva na Casa dos Alonsos).

A programación de actividades contará con venda de libros con descontos para os asistentes, postos de venda de artesanía, un xogo de pistas «Superlector», un stand con publicacións municipais e un sorteo final.

As actividades terán comezo na Praza do Reló ás 11:30h co Contacontos «A detective peregrina», a cargo de Polo Correo do Vento, seguido ás 13:00h dunha sesión de vermouth musical con «Roger de Flor».

Pola tarde, ás 16:30h celebraranse varios xogos populares entre os que destacan as carreiras de sacos, zancos, parchís xigante, entre outros.

Ás 18:00h terá lugar o espectáculo para nenos «Canta miña pedra canta» a cargo

de Xoan Curtel e Charo Pita e rematará ás 20:00h cun traballo onde voz narrada e cantada contan historias recollidas no noso entorno baixo o título «Por unha peseta» a cargo da Compañía A Patacón con Vero Rilo e Faia Díaz (integrante do grupo De Vacas)

Xogo de Pistas «Superlector»

Unha das actividades principais desta Festa das Letras 2019 na Guarda e o Xogo de Pistas «Superlector», un xogo que consiste en buscar, a partires dun fragmento de texto, unha ilustración ou unha fotografía, ou título dos libros, a colección a que pertence e o seu autor. Nesta actividade poderán participar nenos e nenas de entre 3 e 12 anos en tres categorías.

Para participar é preciso que se recollan as pistas no



Centro Cultural dende o sábado 11 de maio en horario de 10:00 a 13:00 e de 17:00 a 20:00, e entregarse resoltos o día 19 coincidindo coa Festa das Letras.

Unha vez completado o xogo, os participantes deberán entregar a pista resolta o día 19 de Maio na Festa das Letras na propia Praza do Reló para comprobar os resultados e, así, conseguir un Agasalho de SUPERLECTOR.

Semana das Letras en Lugo

A Deputación de Lugo presentou a programación cultural que organiza con motivo da Semana das Letras Galegas. Contará con actuacións musicais, danza, teatro e monicreques e con actividades en centros educativos de toda a provincia. O presidente do organismo provincial explicou que “esta é unha cita importante para a nosa cultura. Cada ano homenaxeamos a unha figura relevante que reflicta o noso patrimonio lingüístico e literario, e este ano tocoulle a Antón Fraguas, historiador e etnógrafo, unha figura necesaria para poñer en valor o tesouro que é a nosa cultura popular”.

Campos Conde tamén destacou que: “non podemos centrarnos só no que xa foi, pois a nosa é unha cultura viva e que segue creando, temos numerosos escritores, poetas, cantantes, artistas, actores... que reivindicar crear e vivir en galego, e aos que apoiamos desde o goberno da Deputación”.

Desde o luns 13 ata o xoves 16 de maio, centros escolares de toda a provincia, desenvol-

verán a Semana Escolar das Letras co libro manual Antonio Fraguas, Unha Epopea Vital, na que se da a coñecer vida do autor homenaxeado este ano, e supón, ademais un percorrido pola historia de Galicia no século XX. Por outra banda Os Romeiros do Caracol levará á tradición e as lendas de San Andrés de Teixido, ao público familiar da Pastoriza e Monforte.

A Praza de San Marcos acollerá diversas actividades, como o espectáculo musical Canta, Miña Pedra, Canta, na que o músico Xoán Curiel e a contadora Charo Pita, interpretan cantigas populares recollidas polo autor en Aportacións ao Cancioneiro de Cotobade, a función de danza de Terra, a cargo da Asociación Cultural Falcatrueiros; e actuacións da Tradescola, da Banda Filarmónica de Lugo, e da cantante do Incio Lucía Pérez. Ademais os xardíns da Deputación encheranse de música na sesión Vermú do Fa Ce La Fest, coas actuacións de Chicharrón e Os Amigos dos Músicos e o domingo 19 membros de Palimoco Teatro percorreren as rúas de Lugo cunha actuación teatral.

II Escaleira Literaria e concerto en Sober

O goberno local de Sober colaborou coa organización da II Escaleira Literaria de Sober, que se desenvolveu no salón de actos do Centro Sociocultural. Foi un evento poético e musical promovido por Moncha Prieto e co que colaborou o Concello de Sober para conmemorar as Letras Galegas deste ano, dedicadas a Antonio Fraguas.

O acto, que serviu como homenaxe ao historiador e xeógrafo natural de Cotobade achegou aos presentes á súa vida e obra da man de Xosé

Manuel Fernández. O alumnado do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme leu os traballos realizados sobre o medio ambiente, mentres que Sara González e Neus Canadell representaron a lenda ‘A lavandeira da noite’. Tamén houbo un recital coas súas creacións literarias no que participaron: Luís Fernández Guitián, Ramón Sandoval, Mercedes Marcos, Alfonso Campos, Paco Ledo, Rosa García e Moncha Prieto. O recital contou co acompañamento musical do grupo local O Trícole.

Súmose a este acto a Escola

Municipal de Teatro de Sober coa posta en escena da obra de Manuel Lourenzo ‘Margot na residencia’, dirixida por Eva F. Ferreira. As actrices foron Ana Somoza e María Trigo. De seguido houbo unha actuación do grupo musical O Trícole e pechou o acto o alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián.

Concerto

A violinista María Florea acompañada polo pianista Álex Ramírez, ambos dous de Barcelona, ofreceron un concerto en Sober, organizado polas Xuventudes Musicais da localidade en colaboración co Concello no



Actuación de María Florea e Álex Ramírez.

marco da Primavera Musical. O programa Músicas de Xuventude presentou tres obras para violín e piano de tres compositores diferentes, as tres escritas en

plena xuventude (22 años Mozart, 23 Strauss, 25 Toldrà), pero en séculos, momentos vitais e circunstancias moi diferentes para cada un deles.

GALICIA

A infancia do Porriño participa no Pleno Infantil

Vinte representantes de 10 centros educativos de Porriño (dous por centro) participaron no Pleno Infantil que o Concello celebra cada ano para promover a participación de nenos, nenas e adolescentes. Tratábase de visibilizar a súa opinión e dereito a participar na xestión da cidade recollendo as súas propostas, tal e como sinala a Convención sobre os Dereitos do Neno.

Previamente a alcaldesa e a concelleira de Educación, en compañía dos nenos e nenas representantes dos centros de ensino máis os seus profesores e titores, acudiron ata a entrada do termo municipal pola Avenida de Galicia onde instalouse un dos catro sinais informativos que lembran a condición de Porriño como "Cidade Amiga da Infancia".



A continuación, de volta na casa consistorial, a alcaldesa deu a benvinda ós representantes de cada centro. Eva García lembrou que o mérito de esa declaración da UNICEF a favor de Porriño que acadou o Concello e recibiu en Oviedo hai meses, "tamén é un mérito de todos vós e da comunidade educativa da cidade".

Entre as propostas que os rapaces realizaron durante o

Pleno Infantil moitas delas insistiron nunha maior dotación de espazos de lecer e para practicar deporte; demandaron carril bici e transporte público en autobús para comunicar as parroquias e o centro urbán de Porriño. Así mesmo representantes de varios centros coincidiron en pedir un paseo polo río Louro xunto co saneamento do caudal e as súas marxes.

Os centros educativos teñen ata o 31 de maio para presentar curtametraxes ao FICBUEU



Os premios suman 550 euros en material audiovisual que se repartirán entre as tres categorías dos distintos niveis formativos

Ata o 31 de maio permanece aberto o prazo para presentar obras á Sección Escolas Galegas do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu, que se desenvolverá entre o 6 e o 14 de setembro. As bases, dispoñibles na web do certame, establecen tres categorías: unha para traballos realizados en centros de formación profesional e facultades, outra para institutos e unha terceira para educación especial, infantil e primaria. A primeira está dotada con 250 euros en material audiovisual, mentres que en cada unha das outras dúas o premio está valorado en 150 euros.

As obras finalistas proxectaránse na Gala Escolas Galegas, que se celebrará o 14 de setembro dentro da duodécima

edición do certame e que incluírá a entrega de premios aos centros educativos. A participación activa do alumnado en todas as fases de creación, o emprego dos distintos elementos da linguaxe audiovisual, as cualidades técnicas da obra acordes á idade do equipo e mais a orixinalidade e a creatividade das propostas presentadas serán as principais cuestións a ter en conta polo xurado, integrado por tres profesionais do eido cinematográfico e do ensino.

A temática das obras é libre e a duración máxima está fixada en dez minutos para as categorías de educación infantil, especial, primaria e secundaria, mentres que será de quince minutos para as da universidade e escolas de audiovisual. Os traballos deberán estar realizados nos cursos 2017/2018 ou 2018/2019 e poderanse inscribir ata as 14 horas do venres día 31 no formulario pendurado en www.ficbueu.com.

A Ruta da Cubela

O Concello de Ribas de Sil instalou novos paneis para facer unha interpretación das formacións xeolóxicas deste marabilloso enclave do sur do territorio do Xeoparque. Desde hai uns días podemos comprender mellor formacións como o ollo de sapo ou a orixe do Canón do Sil e os seus meandros.



A Ruta da Cubela xa ten un atractivo máis.

Esta interpretación foi inaugurada polo clube de montaña "Montañeiros Celtas" que estivo percorrendo o Concello e que durante

os vindieros meses organizará marchas por todo o territorio do Xeoparque "Montañas do Courel".

Grupo Academia Postal celebra o *Día das Letras Galegas adicado a Antonio Fraguas* seguindo as ensinanzas do mestre: **traballar por e para Galicia**

REDE DE CENTROS: OURENSE / SANTIAGO / A CORUÑA / FERROL / LUGO / VIGO / PONTEVEDRA / MADRID / VALLADOLID

CENTROS DE FORMACIÓN
Grupo Academia Postal
www.academiapostal.gal

DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Antón Fraguas

15 DE MAIO:

11:00 h. Auditorio Municipal.
Concerto poético de **TINO BAZ**.

16 DE MAIO:

10:00 h. Praza Maior.
Confección da alfombra escolar.
18:00 h. Rúas casco urbano: **CÉ ORQUESTRA PANTASMA** e xogos populares.
19:00 h. Rúas do casco urbano. "Ven bailar con..." **GRUPO TRADICIONAL DA CASA CULTURAL DE AREAS**.
20:00 h. Salón de Plenos. Charla sobre Antón Fraguas a cargo de **XOSÉ A. NEIRA CRUZ**.
21:00 h. Parque da Feira Vella. Concerto: **VOLTA E DÁLLE (21:00) e NAO (22:30)**.

17 DE MAIO:

11:00 h. Praza Maior. Exposición de maíos. Colaboran Asociacións de San Mateo.
12:00 h. Praza Maior. Grupo tradicional. **ALGAZARA (Celeiros)**.
12:00 h. Circuito Cultural. Casa Cultural de Celeiros.
18:00 h. Praza Maior. Grupo de Gaitas **OS MUÍÑOS DE OLIVEIRA**.
19:00 h. Cultura 24. Casa Cultural de Prado. Monólogo a cargo de **AVELINO GONZALEZ**.
19:30 h. Circuito Cultural. Centro Veciñal de Canedo. Concerto: **GRUPO SADEO**.
20:00 h. Praza Maior. Concerto da **BANDA DE MÚSICA REVERIANO SOUTULLO**.
20:30 h. Circuito Cultural. Casa Cultural de Arcos. Teatro.
GRUPO DE TEATRO PENA DO EQUILIBRIO: "Simplemente persoas".

19 DE MAIO:

19:00 h. Circuito Cultural. Casa Cultural de Areas.
"Contos e historias", con **CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN**.
20:30 h. Cultura 24. Centro Antorcha de Cristiñade.
Actuación de **VOCES DO ARRIEIRO**.

GALICIA

Exposición de fotografías de Ruth Matilda Anderson no Porriño

Alcaldesa de Porriño, Eva García presidiu a inauguración da exposición «Unha mirada de antano: Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia» que se exhibirá no Centro Cultural Municipal ata o 2 de xuño.

Walter Alvarez, director territorial de «ABanca» e Paloma Vela, coordinadora adxunta de Cultura de «AFundación» asistiron tamén en representación das institucións que trouxeron esta exposición a Porriño.

«Como muller e como alcaldesa sintome moi orgullosa de que a nosa cidade acolla esta mostra de fotografía baseada na obra dunha muller pioneira do seu tempo», dixo Eva García na súa intervención.

A alcaldesa de Porriño valorou que «a calidade do traballo vai máis aló das imaxes; reflexou como ningún antes unha Galicia rural e costeira en tempos de depresión, retraso e pobreza».

Nesa mesma liña, Paloma



Vela, en representación de AFundación sinalou que a mostra «presenta un completo relato documental e antropológico da Galicia dos anos vinte». E salientou a capacidade desa xoven neiorquina «para aprender algo de galego e castelán o que lle facilitou aproximarse ás xentes e que incluso lle franquearán o acceso as súas casas para reflectir con tanto coidado e empatía a realidade da nosa terra».

A exposición, de entrada libre e gratuíta pódese visitar de luns a venres en horario de 8.30 a 20.30 h. Hoxe coïn-

cidindo coa inauguración, unha comitiva de 25 estudantes do IES Pino Manso, de Porriño participaron da primeira visita guiada á mostra.

Entre as fotografías seleccionadas para exhibirse en Porriño ocupan un lugar sobranceiro catro imaxes que Anderson tomou na nosa vila e unha delas serve para o cartel anunciador. Está alcumada como «Método para carrexar un cesto entre Mondariz e Porriño». Foi sacada por Ruth Matilda Anderson o 12 de setembro de 1924 e serve ademais como imaxe do programa de máis da exposición.

A artista plástica María Meijide expón a súa obra co calendario da Eurocidade como peza estrela



O sábado 11 de maio abriuse na Sala de Exposición da Área Panorámica a exposición de María Meijide, artista plástica, creadora do calendario da Eurocidade Tui-Valença.

A peza principal da mostra será o calendario da Eurocidade Tui-Valença encargado polo Concello de Tui hai meses, do que estarán expostas as pezas orixinais a acuarela e o proceso de edición, as pranchas de offset e as probas de cor. Destacou a artista que as

obras deste calendario foron todas feitas ao natural «a través da memoria emotiva, das emocións que transmiten».

A exposición contará con outras pezas, todas elas vinculadas a procesos de repetición e edición como é o caso do mapa emocional de Compostela e as pranchas deste. Haberá tamén serigrafías, pintura de espazos íntimos e metapintura con carácter hedonista.

A mostra poderá visitarse até finais de mes.

Mondariz organiza a súa IV Feira das Letras Galegas

Este venres 17 de maio, 3 por cuarto ano consecutivo, o concello de Mondariz volve organizar a «IV Feira das Letras Galegas» que este ano conta cunha programación variada e atractiva para tódolos públicos.

A apertura de postos será ás 11h. Pola mañá gozaremos do espectáculo de «Máximo Óptimo», unha mestura de clown, malabares e moito humor.

Ao mediodía haberá comidas para todos os gustos: polbo, empanadas, queixos, xamóns, pizzas e hamburguesas eco, embutidos e filloas.

Pola tarde, contaremos con diversos obradoiros

onde os máis pequenos/as darán renda solta a súa creatividade na cociña, e poderán participar na «Xincana de Antón Fraguas» onde nenas e nenos deberán superar unhas probas moi divertidas e pasar ao obradoiro de «Cóctel de refráns». (Recoméndase inscrición previa nas actividades infantís no teléfono 986 664 306 ou no correo turismo@concellodemondariz.com).

Coma broche final, ás 19h30, dará comezo o Concerto das Letras Galegas 2019 a cargo da Banda Cultura de Mondariz en colaboración co coro Agarimos da Terra e os Gaiteiros de Castromao.

Escolares do CEIP de Barrantes, Tomiño, e persoas maiores afondan na xestión das súas emocións

Grupo de 3º de primaria do CEIP de Barrantes (Tomiño) celebrou hai uns días a última sesión do programa de educación emocional levado a cabo conxuntamente entre o colexio e o departamento de Postgrado de Educación Emocional e Benestar da Universidade de Barcelona (UB).

Para esta xornada, contaron cunhas compañeiras e compañeiros moi especiais: os maiores de Residencial Tomiño, que acudiron á aula para afondar no recoñecemento e manexo das súas emocións, contribuíndo deste xeito a unha maior visibilidade e inclusión do colectivo das



persoas maiores da localidade.

A actividade forma parte do traballo de postgrao de Susana Vales Cancela, orientadora do colexio de Barrantes, e está dirixido polo profesor Rafael Bisquerra Alzina. «Trátase dun proxecto de educación emocional

baseado na aprendizaxe-servizo, é dicir, que a súa finalidade é tamén axudar á comunidade, neste caso á localidade de Tomiño na que o levei a cabo, e máis en concreto, á visibilidade e participación activa da terceira idade», explica a investigadora.

A Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia cumpre 35 anos

A Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia celebra este ano o seu 35 aniversario e os 50 anos de Abrente, polo que convocou o 14º Premio Abrente para textos teatrais. A MIT tamén anuncia que do 19 ao 27 de xullo de 2019 terá lugar unha edición que quere mirar ao pasado e recoñecer o traballo feito, tanto no acompañamento de artistas coma na apertura de fronteiras para o público, para continuar evolucionando.

Baixo o lema de “Tradición, experiencia e vangarda”, dará a coñecer unha serie de actividades ao longo deste ano, para amosar o patrimonio, a longa historia e o excelente momento que está a vivir o festival cando chega ao seu 35 aniversario. Recentemente, o director da MIT participou en Madrid, na sede do Festival de Almagro, nunha reunión de festivais de verán co obxectivo de fortalecer alianzas e redes de intercambio de proxectos estranxeiros e coproducións. Neste sentido, a MIT continúa a colaborar na difusión exterior do espectáculo galego Commedia, un xoguete para Goldoni, coprodución da MIT 2018 coa compañía Contraproducións, co obxectivo de dar a coñecer fóra do noso territorio



Equipo da MIT de Ribadavia.

aos creadores/as escénicos do país. O director da MIT, Roberto Pascual, ofreceu unha charla na Universidad de Salamanca sobre os 35 anos de actividade, a historia e a evolución da MIT e do teatro galego e neste mes de maio presentará a Mostra na cidade de Nova York.

Por outro lado, para fomentar e impulsar a creación dramática, a MIT convoca unha nova edición do Premio Abrente. Dotado con 3.500€ e a edición do texto na colección Abrente da Editorial Difusora, este premio quere ser un dos

elementos imbricado no estímulo e aparición de novas linguaxes e voces para a escena do presente. A recepción de orixinais remata o 21 de xuño de 2019 e a resolución darase a coñecer no mes de xullo, no marco do festival.

Para facer un evento como a MIT precisase dun equipo multidisciplinar entregado, coordinado e comprometido co seu traballo. Un gran equipo de voluntariado e profesionais para acoller ao público na gran casa do teatro galego aberta ao mundo.

O segredo das Burgas, percorrido polas profundidades dun Ourense descoñecido

O Concello de Ourense e a editorial Galaxia presentaron o debut literario de Andrés Pombo Graña (Ourense, 1988): O segredo das Burgas, un percorrido polas profundidades dun Ourense descoñecido no que atoparemos demos vingativos, un Averno espantoso, bruxería, corrupción e homes que poñen a súa vida ao servizo de causas satánicas, unha ópera prima escrita cunha grande madurez literaria.

“Ourense é un inesgotable escenario de historias”, sinalaba o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, citando a nómima de escritores que desenvolveron as súas historias na nesta cidade, tamén de todos os ourensáns que ambientaron as súas letras en Ourense: “Qué segredo agochará esta cidade para ser un material literario tan profuso..?”, dixo.

O Concello colabora coa compra de 250 exemplares do libro para a súa distribución polos centros escolares. “É un libro que toda a rapazada da cidade debe coñecer”, sinalaba na rolda de prensa o director da editorial Galaxia, Francisco Castro, quen dixo



declararse sorprendido logo da primeira lectura do proxecto literario.

Pombo Graña baseouse no 'Diccionario de seres míticos galegos' (ed. Xerais), de Antonio Reigosa, e nas historias que de pequeno lle contaban os seus avós. Mesturada toda esa información coa imaxinación dun rapaz a quen de pequeno lle lían contos para durmir, “só tiven que plasmarlo no papel”, dixo.

O rexedor pediulle, que “non cese na súa procura de demos, de meigas... de historias que contar” para seguir descubrindo recunchos desta cidade máxica. O autor, pola súa banda, realizou unha visita guiada polos espazos descritos no libro.

Futuro museo da minería romana

Os alumnos do Obradoiro de Emprego Sillor V comezaron días a construción dun edificio que será destinado a albergar o futuro museo da minería romana. Este edificio ocupará una pequena parte da parcela na que se ubica o futuro Xeocamping de Ribas de Sil. Estas inversións supoñen unha aposta de-

cidida por parte deste concello para aumentar a oferta de aloxamento ó mesmo tempo que se crea un novo espazo expositivo dentro do territorio do Xeoparque “Montañas do Courel”. O Obradoiro construírá un edificio diáfano e o Concello iniciará as xestións para crear o que será o primeiro museo de Galicia destas características e

que servirá para dar a coñecer o enorme legado dos romanos con mais de 150 minas espalladas por todo o territorio, algunha delas tan importante e espectacular como as que hai no complexo arqueolóxico do Covallón recentemente posto en valor polo Concello coa creación dunha ruta circular interpretativa.



O edificio terá douscentos metros cadrados.

O Piragüista Daniel Pérez clasifícase para o Mundial e o Europeo Junior

O piragüista galego Daniel Pérez segue a medrar a pasos de xigante. O ano pasado conseguiu acceder ao Mundial e Europeo Junior aínda sendo cadete. Agora segue na súa liña de progreso; xa que pasou os selectivos nacionais programados pola Federación Española, onde gañou unha praza no equipo nacional junior, e quedou ás portas cun cuarto posto na carreira por entrar no equipo absoluto con tan só 16 anos.

A pa de Salvaterra de Miño, Daniel Pérez Cortegoso, madura. Aínda non fixo 17 anos e a súa actuación nos selectivos programados pola Federación Española de Piragüismo para a modalidade de slalom as dúas últimas semanas valeulle para gañar unha praza para o Campionato do Mundo de Europa Junior, no equipo nacional

español.

Aínda que asegura non loitar por ir a Tokio, conseguiu quedar cuarto na categoría senior, "Entrar no equipo senior é complicado, xa que actualmente hai moito nivel" comenta. Logrou cumprir os obxectivos cos que acudía aos selectivos, asegurarse a praza para o Europeo e o Mundial de categoría junior co seu primeiro posto, e foise cun segundo en sub-23 e un cuarto no equipo absoluto. Queda pendente o pase ao Mundial senior, co que loitará no Campionato de España. Un reto que aceptan sen se queixar. "Esperábame estes bos resultados, quizáis non estar tan cerca do equipo senior, e sentirme tan ben sobre a agua", confesa desde A Seu de Urgell, onde está concentrado. "Os meus obxectivos sempre foron exigentes, e consciente diso, tento subir ao



podio no mundial ou europeo, estou seguro de que será un bon reto, aínda que me conformo con chegar á final", contesta entre risas.

Nos selectivos das dúas semanas anteriores non cometeu grandes erros, mantívose regular, o que lle deu a tranquilidade que necesitaba en cada manga. Desde a súa chegada á Seu xa nota que mellorou, "foi un paso moi im-

portante, xa non só tecnicamente, senón á hora de gobernar as miñas emocións" confesa. Actualmente pode entrenar por primeira vez nun canal olímpico. "Con 16 anos xa é o meu segundo ano fóra da casa; o ano pasado en León e este ano na Seu d'Urgell, tes momentos duros e necesitas da túa xente, pero iso sèrveme para seguir aprendendo", Nun deporte que agora

lle ofrece a opción de disputar uns Jogos, céntrase en lograr bos resultados no Campionato do Mundo e de Europa Junior, e por que non tentar acceder ao equipo nacional senior, para disputar o Mundial absoluto.

A súa próxima cita internacional será no Europeo Junior (do 4 de xullo ao 7 de xullo en Liptovský Mikuláš, Eslovaquia) e, a continuación, o Mundial Junior (do 16 de xullo ao 21 de xullo, que será en Cracovia, Polonia). "O ano pasado puíden obter experiencia en competicións internacionais aínda como cadete, espero que isto me sirva para saír con máis tranquilidade en cada baixada". Finalmente, xogará en agosto o Campionato de España, con opción de repesca para o Campionato do Mundo Senior, que será na Seu de Urgell do 25 ao 29 de setembro.

Chega unha nova edición do Festival de Jazz ás rúas e prazas de Ponteareas

O festival incorora a máster class do recoñecido acordeonista internacional, Víctor Prieto

A concellería de Cultura que dirixe Hortensia Bautista presentou xunto coa asociación de hoteleiros e de Banastra, unha nova edición do festival de jazz que terá lugar do 31 de maio ao 2 de xuño nas rúas e prazas de Ponteareas.

Unha edición na que a concellería reafirma a súa aposta por ofrecer variedade, por levar as actividades ao espazo público exterior e por arroupar e ofrecer un escenario non só

aos músicos profesionais se non tamén aos aprendices.

O venres 31 de maio terá lugar de 11 a 14 horas e de 17 a 19 horas no auditorio municipal unha máster class do recoñecido acordeonista Víctor Prieto. Ás 21 horas na Fonte do Bartillo, actuación dos músicos participantes no Máster Class e ás 22 horas no Paseo Matutino, organizado por Banastra e a asociación de hoteleiros en colaboración coa concellería de Cultura actuará

o grupo "Lakazans".

O sábado día 1 de xuño a praza Maior será o escenario da "Big Band Xingro's" ás 22 horas e ás 23 horas actuará o grupo do acordeonista internacional Víctor Prieto.

O domingo día 2 de xuño tamén na praza Maior ás 21 horas actuará Lucía Martínez cuarteto & Enrique Martínez con "Plegaria", a continuación a partir das 22 horas será o turno de "Sumrra".

Hortensia Bautista agradece



a colaboración tanto da hostalería como do comercio local ademais da indispensable axuda do director artístico do festival Alberto Vilas. "O festival de Jazz de Ponteareas acada nesta edición a súa madurez presentando un programa con figuras de traxectoria internacional. O cartaz deste ano é comparable ao de calquera fes-

tival da península, exceptuando os grandes festivais. Ademais volve contar cunha importante representación da muller e fai fincapé na importancia do ensino contando cunha máster class totalmente de balde para quen queira asistir e a participación dunha Big Band formada principalmente por alumnado", explica Alberto Vilas.